

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN**

RESOLUCIÓN do 15 de setembro de 2025 pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes ao abeiro da Resolución do 29 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas do Programa de unidades mixtas de investigación, cofinanciadas pola Unión Europea nun 60 % no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (códigos de procedemento IN853A, IN853B e IN853C).

AXENCIA
GALEGA DE
INNOVACIÓNCofinanciado pola
Unión Europea

Fondos Europeos

O 18 de agosto de 2025 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 29 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas do Programa de unidades mixtas de investigación, cofinanciadas pola Unión Europea nun 60 % no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (códigos de procedemento IN853A, IN853B e IN853C).

No artigo 15 establecíase que o prazo de presentación de solicitudes comezaría o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e remataría o 22 de setembro de 2025. Tendo en conta o grande interese que está a suscitar a convocatoria e que o prazo coincide parcialmente co período vacacional dalgúns organismos de investigación e dalgúns empresas o que dificulta a presentación de solicitudes, considérase conveniente ampliar o prazo de presentación de solicitudes en 10 días hábiles.

O artigo 32.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece a posibilidade de que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder, de oficio ou por pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade deles, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.

Consecuentemente con todo o anterior, a directora da Axencia Galega de Innovación, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 17.3 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación,

CVE-DOG: 8sdvkl0-t961-ybj5-y1y3-1y9d8mgutt11

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

RESOLVE:**Artigo 1**

Amplíase en 10 días hábiles, ata o 6 de outubro de 2025, o prazo de presentación de solicitudes previsto no artigo 15 da Resolución do 29 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas do Programa de unidades mixtas de investigación, cofinanciadas pola Unión Europea nun 60 % no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (códigos de procedemento IN853A, IN853B e IN853C).

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2025

Carmen Cotelo Queijo
Directora da Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: 8sdvkl0-t961-ybj5-y1y3-1y9d8mgutt11

